

Don José Villán Fuertes, Secretario do Concello de Carballo – A Coruña

**CERTIFICO:**

Que a Xunta de Goberno Local, en sesión Ordinaria celebrada en data luns 15 de xullo de 2019 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

**"7.- Convenios.**

**7.2.- Convenio de colaboración entre o concello de Carballo e á Asociación solidariedade galega co pobo saharai para o programa "Vacacións en paz 2019" (CONV. 21/2019). Aprobación.**

*Recibiuse neste Concello o Convenio de Colaboración entre o Concello de Carballo e a Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharai, para o desenvolvemento do programa "Vacacións en Paz 2019" durante os meses de xullo e agosto no que os nenos/as do pobo saharai estarán no concello de Carballo.*

*Visto o informe de Intervención de 11/07/2019 emitido neste expediente con referencia 2019/A006/000021.*

*Vista a proposta do Sr. Alcalde do 11/07/2019, no expte. 2019/A006/000021, en uso das competencias delegadas polo Sr. Alcalde segundo o Decreto 1661/2019 de 17/06/19 (BOP nº 117 de 21/06/2019, nº anuncio 2019/4892), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros (7), acorda:*

**Primeiro.-** *Aprobar o Convenio de Colaboración entre o Concello de Carballo e a Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharai, para o desenvolvemento do programa "Vacacións en Paz 2019", cuxo texto se transcribe:*

*"Reunidos:*

*Dunha parte D<sup>a</sup> Maite Isla Avión, en calidade de Presidenta da asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharai, co CIF G \*\*\*245\*\**

*Doutra parte D. Evencio Ferrero Rodríguez, en calidade de Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Carballo*

*Interveñen:*

*En nome e representación das súas respectivas Institucións e recoñecéndose mutua e reciprocamente capacidade para obrigar se a subscribir o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN entre ambas entidades.*

*Expoñén:*

*As vacacións en paz presentase nun marco de solidariedade e axuda desinteresada co fin de propoiciarlles unha estancia agradable e humanamente ricas aos nenos e nenas saharais. Este programa dá a coñecer formas distintas de vida, de maneira que iso contribúa, non so na súa formación, senón tamén en mellorar e potenciar a comunicación e o entendemento entre os nosos pobos e o Pobo Saharai.*

*Estes nenos naceron nos campamentos de refuxiados saharais situados dende fai máis de 42 anos na zona de Hamada alxeriana en Tindouf, preto da fronteira alxeriano-saharai; é dicir, son fillos dos saharais que abandonaron os seus fogares ante a represión, invasión e ocupación ilegal por parte de Marrocos do territorio do antigo Sáhara español en 1975. A vida destes nenos, nados no exilio, transcorre nas mesmas circunstancias que o resto da poboación saharai, privada do máis elemental e sobrevivindo dificilmente grazas á axuda internacional.*

*Dende o punto de vista afectivo, o Estado Español representa algo especial para os saharais polos lazos históricos, culturais e humanos que nos unen. De feito, os saharais pertence á comunidade de hispano-falantes e aínda conservan con esmero o español como segundo idioma.*

**Tendo en conta:**

**Primeiro.-** *Que o presente convenio ten por obxecto regula-lo desenvolvemento do programa "Vacacións en Paz 2019" durante os dous meses do verán (xullo e agosto) no que os nenos/as do pobo saharai estarán no Concello de Carballo.*

## CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO - A Coruña



2019/a006/000021  
Exp. 2019/G006/000358

*Os obxectivos deste Convenio serán os seguintes:*

1. *Garantilo seu dereito á saúde, realizando a tal fin os controis médicos pertinentes.*
2. *Garantilas necesidades fundamentais dos/as menores.*
3. *Asegurala súa integridade física e emocional.*
4. *Respectalas súas crenzas*
5. *Favorecela súa integración no seu medio durante a súa estadia no noso país.*
6. *Respectalo o marco legal dos dereitos dos menores, tendo en conta que xa teñen a súa familia no seu país coa que teñen que volver o remate das vacacións.*
7. *Garantilo regreso ó seu país coas súas familias.*

*Os obxectivos específicos do programa Vacación en Paz serán:*

1. *Reivindicar o dereito dos nenos e nenas saharauis a vivir no Sáhara Occidental e poñer de manifesto a situación na que actualmente viven.*
2. *Facilitar asistencia médica e de alimentación.*
3. *Promover, entre a sociedade galega, os valores de tolerancia e solidariedade facilitando así a convivencia e integración de todas as persoas na comunidade.*
4. *Perfeccionar o aprendizaxe da lingua castelá e galega que estudan nos seus programas escolares.*
5. *Ofertar unha alternativa de ocio e tempo libre.*
6. *Evitar a súa estancia nos campamentos durante os meses de xullo e agosto por teren as temperaturas máis altas (máis de 50° á sombra)*

**Segundo.-** *O Concello de Carballo responsabilizarase de :*

1. *En colaboración con SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI, difundir o Programa Vacacións en Paz.*
2. *Financiamento dos billetes dos/as nenos/as.*
3. *O pagamento do proxecto "Vacacións en paz 2019" efectuarase o antes posible.*
  - a. *debiio as dificultades do programa, todos os anos hai que contar cun 2% de incidencias, alleas o noso traballo, na chegada dos menores; por exemplo: nenos que a última hora enferman e non poden viaxar ou algún problema no traslado dende os Campamentos ao aeroporto de Tindouf. Os billetes, páganse integros con antelación a cegada dos menores, e tódolos Concellos deben asumir as prazas dos nenos que estean destinados a eses Concellos. Polo tanto non se fará a devolución dos billetes, posto que estes hai que págalos igualmente.*
4. *Recepción no Concello e presenza na entrega dos/as nenos/as ás familias acolledoras.*
5. *Presenza ao acto de despedida dos/as nenos/as.*
6. *Designar a un técnico /a do Concello que levará o programa cos Responsables do Proxecto.*

**Terceiro.-** *Que a asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharai, RESPONSABILIZASE de:*

1. *Facer un seguimento exhaustivo dos proxectos conxuntamente coa Delegación Saharai para Galicia para que todos os compromisos se cumpran.*
2. *A Asociación e a Delegación estará a disposición dos concellos e das familias para asesoralos e axudar a resolver o problemas que podan xurdir.*
3. *A Asociación organizará unha Xuntanza de convivencia entre os nenos saharauis e as familias acolledoras.*

### **ACORDAN:**

**Primeiro:** *Establecer o presente Convenio de Colaboración entre o Concello de Carballo e a Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharai en orde a unhamellor coordinación dos programas presentes e futuros a desenvolver, tendentes a propiciala integración social dos menores Saharauis mentres dure a súa estancia en Galicia.*

**Segundo:** *Os presentes comprométense a manter entre si un fluído intercambio de información en todos aqueles aspectos que indican na integración acollemento das nenas e nenos saharauis que visitan o concello de Carballo.*

**Terceiro:** *O ámbito de colaboración estará orientado preferentemente ós seguintes campos de actuación:*

*Apoiar o Programa Vacacións en Paz evitando con esta viaxe que as nenas e nenos permanezan os meses de calor de xullo e agosto nos campamentos con temperaturas en ocasións de 50°, facilitar asistencia médica e de alimentación e colaborar con esta subvención a sufragar os pasaxes dos nenos e nenas acollidos no Concello de Carballo.*

*Ademais desta subvención a facilitar as nenas e nenos que nos visitan a participación en alternativas de ocio e tempo libre.*

*A realizar polo Concello un acto de recepción e despedida das nenas e nenos participantes no programa.*

**Cuarto:** *A contribución económica por parte do Concello de Carballo para o Programa Vacacións en Paz 2019 para contribuir a sufragalos gastos derivados da súa execución será de 2670 €.*

**CONCELLO DE CARBALLO**

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO - A Coruña



2019/a006/000021  
Exp. 2019/G006/000358

*A Banca – ES40 2080 5056 13 3040034374.*

**Quinto:** *A vixencia deste Convenio rematará o 30 de decembro, prorrogándose este para o ano seguinte de continuar o Programa “Vacacións en Paz” no Concello de Carballo e sempre que ambas partes estean de acordo.*

**Segundo.-** *O Sr. Alcalde asinará dito convenio e dará as ordes oportunas para a súa execución”*

E para que conste, para os efectos oportunos expido o presente certificado coa reserva establecida no art. 206 do R.O.F., de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde, en Carballo, asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

V. e Pr.  
O alcalde